

# CASA DOS ESPELLOS

*revista poliédrica da cultura galega nº4- 2021*





# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos  
ISSN 2603-9583

COORDINA

COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

## COLABORACIONES

Daniel P. Murado

José Raimundo Núñez-Varela Lendoiro

Raúl Otero Sánchez

Juan Antonio Rodríguez Arnao

David Miguel Rodríguez Martínez

Roque Sanfíz Arias

Antía Seco Cendán

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

Ricardo Varela Fernández

Ángel Arcay Barral

Carlos Barja Márquez

Adrián Feijoo Sánchez

Sara Fraga Pérez

Mateo Martínez Torres

## COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)

Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)

Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)

David Martín López (Universidad de Granada)

Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)

José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)

Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)

## COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilarinho

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

## DESEÑO E ILUSTRACIONES

Yosune Duo: Maquetación, Diana Sobrado: Portada Xeral //Portadas dos artigos- Carmiña Burana, Yosune Duo, Diana Sobrado, Jose Souto, Adriana Villamisar, Sonia Zarraguiños . Mar Vieites fixo o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos).

## PERIODICIDADE&CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

## CONTACTO

Podes suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto




[www.casadosespellos.gal](http://www.casadosespellos.gal)



[facebook.com/casadosespellos/](https://facebook.com/casadosespellos/)



[casadosespellos@gmail.com](mailto:casadosespellos@gmail.com)



**Fontes documentais arredor dos García Naveira (IV): o patrimonio das Escolas e Asilo García Irmáns de Betanzos a través dos seus inventarios**

pax8-33

ÁngelArcayBarralDanielLucasTeijeiroMosquera

**Agasallos da Diáspora: proxecto de Xornadas de Patrimonio Cultural e Emigración en Galicia**

pax34-41

AntíaSecoCendán

**Dous bustos dos irmáns García Naveira creados por Indalecio Díaz Baliño e a Fundación Solórzano**

pax42-51

DanielLucasTeijeiroMosquera

**De cando as mulleres do Asilo García Irmáns bailaron e cantaron a ribeirana**

pax52-71

SaraFragaPérez

**A horta ilustrada de Antonio Raimundo Ibáñez**

pax72-85

RicardoVarelaFernández

**El Pasatiempo de Betanzos: imáxenes de un desatino**

pax86-93 JoséRaimundoNúñez-VarelaLendoiro.CronistaoficialdeBetanzos

**Recordando la Historia: postales de una filantropía**

pax94-137

JuanAntonioRodríguezArnao

**Reseña: Bieito Alonso (2019). Anarquistas galegos en América. Ed. Galaxia, Vigo**

pax138-141

AdriánFeijooSánchez

**El álbum de recuerdos**

pax142-157 RaúlOteroSánchez

**Requeixo: el balneario clandestino**

pax158-165

CarlosBarjaMárquez

**El Rexurdimento de la imaxinería: la escuela escultórica gallega contemporánea**

pax166-179

DanielP. Murado

**Historia de la tortilla de Betanzos**

pax180-187

ÁngelArcayBarral

**Unha proposta de divulgación histórica nas redes e na rúa: Mazarelos**

pax188-193 MateoMartínez Torres,DavidMiguelRodríguezMartínezeRoqueSanfízArias



# AGASALLOS DA DIASPORA

PROXECTO DE XORNADAS DE PATRIMONIO CULTURAL  
E EMIGRACION EN GALIZA



## Agasallos da Diáspora: proxecto de Xornadas de Patrimonio Cultural e Emigración en Galiza

**Antía Seco Cendán**

**Historiadora da Arte**

<https://orcid.org/0000-0001-5271-5508>

**Ilustracións: Adriana Villamisar**

### Resumo

As Xornadas de Patrimonio Cultural e Emigración é un proxecto saído dun traballo de fin de mestrado universitario a partir da preocupación por dous temas principais: o coidado do patrimonio cultural e a crecente xenofobia que a día de hoxe se observa na sociedade. Preténdese con elas crear un espazo onde se dea valor á herdanza cultural dos nosos bisavós e bisavoaas, vencellándoa co presente a través da emigración como experiencia universal e conectiva de pobos.

**Palabras chave:** patrimonio, emigración, diversidade, xornada.

### Introdución

O fenómeno da migración é considerado como un dos elementos que caracterizan unha parte moi importante da historia e da cultura da Galiza que coñecemos na actualidade. Comeza xa esta odisea coa primeira ola de emigración das galegas e galegos cara a América a finais do s. XIX, na que as xentes do rural se trasladaron a cidades ó outro lado do Atlántico que ofrecían traballo e posibilidades de ascenso social. Na súa maior parte, homes moi novos, solteiros e analfabetos recorren o océano en busca dun futuro de riqueza e éxito económico que, na maior parte das ocasións, non chegaría a ser tal (sendo só uns poucos os afortunados que o acadaron); e instálanse en países nos que os acolle a explotación laboral e o desprezo cara ó inmigrante pobre. A situación de desarraigo motiva a creación de numerosos centros galegos nos que se agrupan os paisanos, así coma o envío de cartas de chamada a familiares á emigración, o que produce un efecto en cadea de persoas movéndose ó continente americano. Entre 1885 e 1930, uns novecentos mil galegos dirixíronse a América, aínda que é unha cifra aproximada ó non poder contar toda a emigración clandestina. A emigración galega supuxo durante moitos anos máis do 50 % do

total da emigración en España (Campos Álvarez, 1993-1994: 135).

Os galegos eran expatriados, emigrantes económicos na súa maioría e, posteriormente, tamén refuxiados por mor da Guerra Civil. O noso país foi unha das rexións españolas máis desangradadas demograficamente por culpa deste fenómeno migrante. As ansias dunha nova vida e de amasar fortuna levaban a afrontar forzosamente un choque cultural e social tremendo así como a realizar traballos destinados a persoas menos formadas e con menos recursos do país ó que chegaban. Este golpe de realidade foi o que probablemente levou a que os emigrados valoraran tanto a formación como para logo facer aportacións a Galiza en materia de infraestrutura e de equipamentos educativos, entre outras moitas doazóns que realizaron para mellorar a vida das súas poboacións natais. Os estudos permiten afirmar, a día de hoxe, que os emigrados foron, coas súas escolas de americanos e demais aportacións, axentes moi importantes da modernización e do progreso da terra galega (Pereiro Lázara, 2012).

España é actualmente un dos vinte estados principais de destino de migracións internacionais. En comparación con outros países euro-



peos, incorporouse moi recentemente ó grupo de nacións receptoras de persoas, coincidindo coa instauración da democracia actual. Os últimos estudos sinalan, ademais, que o fenómeno ven cambiando a nivel global con respecto a décadas pasadas: as migracións proceden maioritariamente de países con ingresos medios e non dos máis pobres e o tipo máis común de migrante é o traballador, isto é, o que aspira a ter unhas mellores oportunidades de vida no estado ó que se despraza. Augúrase tamén unha crecente mobilidade de persoas no futuro debido á persistente desigualdade económica, política, e social a nivel internacional; un dos retos ós que o mundo se deberá afrontar será o das migracións climáticas, que aumentarán tamén o risco de pobreza a nivel mundial (Consejo Económico y Social España, 2019).

A migración foi sempre un tema cuxa preocupación a nivel social se elevou en momentos determinados e con feitos concretos, como a regularización de traballadores estranxeiros en 2005 ou a «crise dos caiucos» en 2006 (Méndez, Cebolella, & Pinyol, 2014). Hoxe en día proliferan cada vez máis os discursos antiinmigración, fomentados por algúns sectores ideolóxicos e, sobre todo, pola atención mediática que se lle está a prestar á chegada de refuxiados ás costas europeas, á vulneración de dereitos dos estranxeiros internados nos CIEs e á situación dos menores migrantes non acompañados. O proxecto Agasallos da Diáspora é un intento de colaboración na loita contra a xenofobia e o odio ó diferente a través da recuperación dun patrimonio cultural creado por persoas que no pasado se viron na mesma situación que as que agora chegan ás nosas terras. A conservación destes bens culturais supón

honrar a memoria dos nosos antepasados e a de tantas outras persoas que se ven na obriga de marchar do fogar para poder mellorar as súas condicións de vida.

### A inspiración do proxecto

Estas xornadas organizanse con base no coñecemento de experiencias previas de investigación sobre patrimonio e migracións. Existen variados exemplos de iniciativas nas que, dende distintas perspectivas, se tentou unir a preocupación polo patrimonio cultural co fenómeno migratorio dos últimos anos. Por mencionar algunhas mostras, o Proxecto Caracol, que en 2017 investiga sobre a migración e o intercambio cultural a través de festas para migrantes, conferencias, mostras de artesanía e outro tipo de actividades en dúas cidades, a española Sevilla e a mexicana Puebla (Alarcón, Quiles, 2018). Nese mesmo ano, tamén se organiza dende a Dirección de Bibliotecas, Arquivos e Museos, xunto co Departamento de Estranxeiría do Ministerio de Interior, un ciclo de coloquios na Biblioteca Nacional de Madrid, nos que se debate sobre a conformación da identidade nacional en medio do fenómeno migratorio do Estado español<sup>1</sup>.

A día de hoxe, a valoración do patrimonio cultural da emigración vese sobre todo reducida ó estudo das «escolas de indianos», que foron fundadas en tantas parroquias e pobos arredor de Galicia para servir á educación e ó desenvolvemento económico. O último proxecto sobre estas escolas é moi recente; trátase da exposición itinerante con publicación homónima *Luces de Alén Mar. As Escolas de Americanos en Galicia*, organizada polo Consello da Cultura Galega en 2012 e aínda activa.

---

<sup>1</sup> Servicio Nacional del Patrimonio Cultural. (14 de Septiembre de 2017). Dibam dio Inicio a Ciclo de Patrimonio Migrante en Biblioteca Nacional. Disponible en: Servicio Nacional del Patrimonio Cultural: <https://www.patrimonlocultural.gob.es/portal/Contenido/Noticias/79391:Dibam-dio-Inicio-a-ciclo-de-Patrimonio-Migrante-en-Biblioteca-Nacional>



Non obstante, fai falta unha visión de conxunto que abarque todas as demais construcións que os emigrantes deixaron para o uso e desfrute da poboación e que a miúdo non están suficientemente aproveitadas. O Parque do Pasatempo é un exemplo claro disto: foi abandonado e sufriu un gran deterioro durante décadas e agora está a recuperar o recoñecemento da súa importancia a través do seu nomeamento como Ben de Interese Cultural. Existen outras mostras deste tipo de herdanza pouco valorada pero con gran significado cultural e histórico que poderían dar continuidade nun futuro á celebración de xornadas en outros lugares de Galiza. Un exemplo é a labor da Asociación Patio de Butacas do Concello de Fene, que leva anos intentando recuperar o cine Adriano<sup>2</sup> de Barallobre, financiado por un emigrante logo de facer as *Américas* en Cuba.

### Marco legal e precaucións sanitarias

As xornadas celebraríanse atendendo, en primeiro lugar, á lexislación vixente en materia de eventos culturais. En Galicia, o marco normativo inclúe a Lei 10/2017 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia<sup>3</sup>; o Decreto 124/2019 do 5 de setembro, que aproba o catálogo de espectáculos pú-

blicos, actividades recreativas e establecementos abertos ó público da Comunidade Autónoma de Galicia, con disposicións xerais de aplicación na materia; e o Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.<sup>4</sup> En Betanzos, algunhas actividades celebraríanse en lugares do catálogo de patrimonio cultural galego (tanto o casco histórico coma o Parque do Pasatempo foron declarados Bens de Interese Cultural), polo que se debe tamén atender á Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia e ás directrices do Plan especial de ordenación e protección do casco histórico de Betanzos<sup>6</sup>.

Tamén se deberá respectar a lexislación municipal do concello brigantino referida á organización de eventos: a Ordenanza municipal de tramitación de actividades; a Ordenanza reguladora da cesión e uso de locais municipais; a Ordenanza fiscal nº 14, que regula a taxa por prestación de servizos en museos e outras instalacións culturais do concello; e a Ordenanza fiscal nº 10, que regula a taxa por ocupación de terreos de uso público con quioscos<sup>7</sup>.

<sup>2</sup> La Voz de Galicia, 8 de xuño do 2018. Dispoñible en: [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/fene/2018/06/08/cine-adriano-joya-da-perdida/0003\\_201806F8C7991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/fene/2018/06/08/cine-adriano-joya-da-perdida/0003_201806F8C7991.htm)

<sup>3</sup> Xunta de Galicia (2 de xaneiro do 2018). Ley 10/2017, de 27 de diciembre, de espectáculos públicos y actividades recreativas de Galicia. Dispoñible en: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001_es.html)

<sup>4</sup> Xunta de Galicia (9 de Novembro de 2016). Decreto 144/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento único de regulación integrada de actividades económicas y apertura de establecimientos. Dispoñible no Diario Oficial de Galicia: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161109/AnuncioG0424-281016-0016\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161109/AnuncioG0424-281016-0016_es.html)

<sup>5</sup> Xunta de Galicia (16 de Mayo de 2016). Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Dispoñible en: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.html)

<sup>6</sup> Xunta de Galicia (30 de Diciembre de 1992). Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, n. 299. Dispoñible no Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña: <https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/1992/12/30/Bop19921230.pdf>

<sup>7</sup> Concello de Betanzos. (s.d.). Ordenanzas e Regulamentos. Dispoñible en: Concello de Betanzos: <https://sites.google.com/olivo-media.com/concello-de-betanzos/ordenanzas-e-regulamentos?authuser=0>



A situación cambiante debido á pandemia do COVID-19 fará necesario revisar a lexislación vixente sobre medidas sanitarias relacionadas coa celebración de eventos culturais. Por mor de non poder coñecer con exactitude como será a situación durante a celebración das xornadas, deberase atender ó marco legal oportuno cando isto ocorra. Non obstante, pódese mencionar o programa *Galicia, destino seguro*, creado pola Xunta<sup>8</sup> para a reactivación do sector turístico no país, no que se pon a disposición dos cidadáns unha serie de manuais para protexer ós traballadores e establecementos de diversos ámbitos contra o virus<sup>9</sup>. Para as xornadas, será propicio que polo menos se revise o manual dirixido ós guías turísticos incluído nese programa. Tamén se creou un Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico<sup>10</sup>, no que se menciona un Plan de adecuación hixiénico-sanitario para a aplicación nestes ámbitos<sup>11</sup>.

### Catro días de patrimonio e experiencia migrante

O evento celebraríase arredor dunha data central: o día 21 de maio, coincidindo co Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento. Durante catro días organizaríase un programa de actividades en torno ó patrimonio cultural dos irmáns García Naveira en Betanzos, coa colaboración de diversas organizacións e do

propio Concello. As ideas aquí formuladas poden perfectamente ser sometidas a cambios en función das necesidades concretas do momento no que se organizase o proxecto, así como as posibilidades de ocupación de espazos e outros pormenores que ocupan a planificación dun evento cultural destas características.

A inauguración das xornadas planéase no espazo das antigas Escolas Irmáns García Naveira, onde se presentaría unha exposición de fotografías antigas de todo o patrimonio dos emigrados en Betanzos. O evento poría o foco nos exemplos paradigmáticos das aportacións culturais de Juan e Jesús García Naveira á sociedade betanceira (De la Fuente, 1999): as Escolas Irmáns García Naveira, a Casa do Pobo, as Escolas Municipais Jesús García Naveira (hoxe en día nomeada escola infantil Santiago de la Fuente), o Lavadoiro de As Cascas e o Parque do Pasatempo. Durante a duración das xornadas, organizaríanse visitas guiadas ó conxunto patrimonial e outras centradas na explicación pormenorizada do Parque do Pasatempo; así mesmo, con base nas investigacións relacionadas coa significación masónica do parque (Arcay, 2018), poderíase realizar unha visita especial nocturna explicando esta pouco coñecida pero moi interesante interpretación do lugar.

---

<sup>8</sup> Xunta de Galicia (2020). *Galicia, destino seguro*. Dispoñible en: Turismo de Galicia: [https://www.turismo.gal/galiciadestinoseguro?langid=es\\_ES](https://www.turismo.gal/galiciadestinoseguro?langid=es_ES)

<sup>9</sup> Xunta de Galicia (2020). *Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19*. Dispoñible en: Turismo de Galicia: [https://www.turismo.gal/osdam/filestore/2/0/0/1/3\\_ca5875058a12b42/20013\\_b03a7f19714b8c9.pdf](https://www.turismo.gal/osdam/filestore/2/0/0/1/3_ca5875058a12b42/20013_b03a7f19714b8c9.pdf)

<sup>10</sup> Xunta de Galicia (22 de Mayo de 2020). *Manual para os guías de turismo ante a COVID-19*. Dispoñible en: Turismo de Galicia: [https://www.turismo.gal/osdam/filestore/2/0/1/6/7\\_4f5e37b7fad45fa/20167\\_1b6317d3dbcefb9.pdf](https://www.turismo.gal/osdam/filestore/2/0/1/6/7_4f5e37b7fad45fa/20167_1b6317d3dbcefb9.pdf)

<sup>11</sup> Xunta de Galicia (13 de Junio de 2020). *Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade*. Dispoñible en: *Diario Oficial de Galicia (DOGA)*: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200613/AnuncioC3K1-120620-1\\_g1.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200613/AnuncioC3K1-120620-1_g1.pdf)

Este ambiente de redescubrimiento e de divulgación do patrimonio betanceiro sería o ideal para a organización dun debate popular sobre a **significación que os veciños da vila lle dan a estas construcións e ó patrimonio cultural en xeral**. Tamén se podería reflexionar sobre os posibles usos dos edificios, xa que á fin e ó cabo, os irmáns García Naveira destinaron gran parte da súa fortuna directamente ó benestar seus paisanos, polo que sería interesante que se revisara na actualidade a visión que na rúa se ten desta importante herdanza e o nivel de concienciación que existe con respecto ós bens culturais comúns.

A proposta de actividades para explicar o fenómeno migratorio incluíría a proxección dos filmes *Sempre Xonxa* (1989) e *Si nos dejan* (2007), dúas historias sitas en Galicia e Barcelona respectivamente nas que se narran as dificultades das persoas que marchan do fogar ou retornan a el logo dun longo período de estancia noutro país. Tamén se faría unha actividade de contacontos para os máis pequenos, na que se narraría de forma amena a importancia da diversidade cultural e a tolerancia ó diferente; faríase, tamén, un concerto no exterior do Lavadoiro de As Cascas como actividade recreativa e divulgadora do folclore musical de diversos países, que contaría con propostas personalizadas polo público asistente. Organizaríanse charlas nas que se tratarían temas como a importancia do patrimonio na construción da identidade cultural dun colectivo, as investigacións sobre patrimonio indiano, o patrimonio doutros lugares en mal estado de conservación e a súa posible restauración e rehabilitación, a psicoloxía da migración, o síndrome de Ulises e o antirracismo e anticolonialismo. Nestas charlas poderían participar asociacións especializadas en estas temáticas, como a compostelá Resistencia en Terra Allea.

En torno ó 21 de maio idéase unha actividade especial de intercambio cultural, da que potencialmente poderían derivar outros proxectos e ideas que enriquezan o diálogo entre culturas e, incluso, que aumenten a produción artística. Trataríase dun encontro dedicado internacionalmente á diversidade cultural, no que emigrantes galegos retornados e poboación inmigrante actual en Galiza intercambiarían experiencias comúns entre persoas que sufriron situacións tan específicas e semellantes. Isto podería motivar un clima de comprensión mutua e un diálogo entre pobos que favorecería a cohesión social e a integración do colectivo estranxeiro na sociedade galega. Dentro da programación das xornadas tamén se organizaría un acto conmemorativo que honrase este día internacional, no que se lería un manifesto público que remarque a importancia da diversidade cultural e rexeite o odio ó estranxeiro e ó diferente.

### **Cuestións técnicas: a xestión do proxecto**

A organización destas xornadas implicaría a creación dun organigrama de planificación, dun estudo de público e mercado, dunha campaña de comunicación que axudara a publicitar a iniciativa e a motivar ó público á asistencia á mesma, dun sistema de avaliación do proxecto e dun plan de continxencia para paliar posibles obstáculos que puideran aparecer durante a celebración. A continuación, explícanse en liñas xerais estes detalles, propios do traballo dun xestor cultural, que aparecerían de forma máis pormenorizada nun expediente explicativo do proxecto. Estes detalles estarían suxeitos a posibles modificacións. A organización do evento requiriría, polo menos, dun ano de antelación, durante o que se contactaría cos negocios e organizacións de Betanzos e do resto de Galiza que desexaran colaborar co proxecto, se reservarían os espazos necesarios e se buscaría a financiación. O proxecto debería presentarse ó Concello de Betanzos para a súa completa financiación e contratación da xestora



cultural; non obstante, se isto non fora posible, recorreríase a subvencións estatais como as Axudas para a acción e a promoción cultural do Ministerio de Cultura e Deporte do Goberno de España ou, en último caso, á financiación por medio do micromecenado a través da Fundación Triodos. O presuposto estímase en 15 200 euros co IVE incluído, pero podería variar en función do que realmente se chegase a facer e da financiación conseguida. No presuposto inclúense os gastos por desprazamento e dietas dos poñentes e invitados ás xornadas, así como a compra de máscaras e xel hidroalcolico para conseguir un ambiente seguro. As xornadas serían gratuítas para os asistentes; defenderíanse así os valores relacionados coa inclusividade do proxecto. Ademais, ó ser un evento emerxente que comeza a penetrar no mercado, a súa gra-titude atraería a máis público.

Os principais destinatarios do proxecto serían dous: a poboación residente en Betanzos, preferiblemente entre 25 e 40 anos, con estudos ou activa profesionalmente e interesada en temas culturais e sociais; e persoas migrantes, tanto inmigrantes coma emigrantes retornados, cuxa experiencia sería central na motivación da celebración das xornadas. Betanzos é un pobo moi activo culturalmente, polo que as xornadas competirían con outro tipo de eventos culturais de pequeno tamaño celebrados na vila ó longo do ano, como a Bienal de Pintura Balconadas e a Semana Internacional de Cine de Betanzos; non obstante, a data seleccionada non coincide con ningún evento dos tradicionalmente celebrados na vila. Aínda que o Día das Letras Galegas (17 de maio) se celebraría moi preto, non alteraría o evento de Agasallos da Diáspora; os dous eventos poderíanse, incluso, conectar simbolicamente, xa que honran elementos de moito calado na sociedade e na historia galegas, como o son a lingua propia e o pasado migratorio.

A campaña de comunicación incidiría especialmente no emprego das redes sociais, sen esquecerse tamén doutros medios de difusión tradicionais como a radio e a carteleira. A creación dunha web axudaría á organización das xornadas, pois nela publicaríanse horarios, contidos divulgativos sobre o patrimonio e a migración e formularios para que os asistentes reservaran lugar nas visitas guiadas (que terían un número de prazas limitadas), polo que se facilitaría a xestión de quendas de visita e as medidas de seguridade sanitarias. Tamén se empregarían as redes para realizar un seguimento do evento, interactuar cos asistentes e avaliar a experiencia nas actividades e o seu nivel de satisfacción. Na web tamén se mediría o número de visitas e a súa orixe para examinar o éxito da campaña de comunicación.

Crearíase tamén un plan que resolvera posibles problemáticas que se puideran dar ó longo das xornadas a través dunha matriz de riscos e unha solución concreta a cada un deles. Por exemplo, ante a posibilidade de que a Xunta prohibira a visita ó Parque do Pasatempo, en vista das labores de restauración existentes, organizaríanse explicacións nos exteriores do parque e elaboraría-se unha maqueta detallada para a súa exposición ós asistentes das xornadas.

## Conclusións

Agasallos da Diáspora idéase como un evento asumible, cun custo moderado e que pode atraer a un gran número de persoas pola variedade de actividades e o atractivo dos bens culturais de Betanzos. O proxecto xira en torno a dúas mensaxes principais: por unha banda, a necesidade de conservación e rehabilitación dos bens culturais da emigración galega que se atopan en mal estado e o seu estudo como conxunto (máis alá das casas de indianos); por outra banda, a educación na diversidade cultural e no fomento da tolerancia e da solidarie-

dade. Ambas mensaxes aparecen vencelladas baixo o fenómeno da migración, que afecta a todos os pobos e crea, sobre todo no mundo globalizado e ultraconectado actual, un rico panorama multicultural que enriquece a sociedade e deriva na –cada vez maior– importancia de principios como a empatía e o aprecio do

diferente. A realización deste proxecto pode favorecer á implantación destes valores e á conexión entre persoas moi diferentes durante uns días repletos de visitas ó patrimonio, debates e reunións populares, proxeccións audiovisuais e música ó aire libre.

## BIBLIOGRAFÍA

ALARCÓN, M.; Quiles, F. (2018). «Con la casa a cuestas, adonde los pies me lleven». *Migración y patrimonio cultural. Encuentro mil formas de mirar y hacer: Artes, migración y transculturalidad*, Universidad Pablo de Olavide, pp.67-73.

ARCAÏ BARRAL, Á. (2018). *O Parque do Pasatempo de Betanzos. Narrativas para comprender un patrimonio profano*. Oviedo, Ed. Masónica.

CAMPOS ÁLVAREZ, X. R. (1993-1994). «La emigración gallega a América (1880-1930): integración y retorno».

*Minius*: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía, nº2-3, pp.133-148.

Consejo Económico y Social España. (2019). *La inmigración en España: efectos y oportunidades*. Madrid, Consejo Económico y Social.

Consello da Cultura Galega. (2013). *Luces de Alén Mar. As Escolas de Americanos en Galicia*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

DE LA FUENTE GARCÍA, S. (1999). «Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones». *Anuario Brigantino*, nº22, pp. 394-434.

Gobierno de España a. (10 de Junio de 2020). *Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio*, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

Obtenido de *Boletín Oficial del Estado (BOE)*: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2020/BOE-A-2020-5895-consolidado.pdf>

Gobierno de España b. (20 de Mayo de 2020). *Orden SND/422/2020, de 19 de mayo*, por la que se regulan las condiciones para el uso obligatorio de mascarilla durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. Obtenido de *Boletín Oficial del Estado (BOE)*: <https://www.boe.es/eli/es/o/2020/05/19/snd422/dof/spa/pdf>

MÉNDEZ, M., Cebolla, H., & Pinyol, G. (Noviembre-Diciembre de 2014). «¿Han cambiado las percepciones sobre la migración en España?». *Crítica*, nº994, pp.14-21.

PEREIRO LÁZARA, P. (2012). «Las escuelas de americanos. Un patrimonio de la emigración». *Cabás*, nº7, pp.1-9.



# NORMAS DE PUBLICACIÓN

## TEMA

Casa dos Espellos: Revista poliédrica da culturagalega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

## TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén cun interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

## PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

## IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

## FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve

resumen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabéticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.

## IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

## DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

## DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

## REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor

coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

## CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —

